

**PREGO DE BASES DO CONCURSO CONVOCADO PARA O OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA NECESARIA PARA A ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA DE SANXENXO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN DE 2024 (CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGA)**

**En Sanxenxo, a 11 de abril de 2024**



## CAPÍTULO I. OBXECTO E DELIMITACIÓN DO CONCURSO

### BASE 1ª. Obxecto das presentes bases

#### 1. *Obxecto.*

É obxecto deste documento regular as condicións para a adxudicación e outorgamento da autorización administrativa necesaria para levar a cabo a organización e xestión da Feira de Artesanía de Sanxenxo durante a tempada de verán do ano 2024, que poderá ser anualmente obxecto de prórroga para a organización e xestión desta mesma Feira durante as tempadas de verán dos anos 2025, 2026 e 2027.

Esta Feira, destinada á comercialización de produtos e servizos artesanais nos termos que se concretarán nas presentes bases, desenvolverase na Praza Fonte de Ramos, na superficie indicada Base n.º 2 deste Prego. A autorización a outorgar no marco deste concurso habilitará, polo tanto, ao adxudicatario, á marxe das obrigacións que correspondan, para a ocupación e uso privativo da superficie/espazo de dominio público no que se prevé a celebración deste evento, así como para a realización neste espazo das tarefas de organización, xestión e explotación da Feira de Artesanía conforme o disposto nas presentes bases.

Dita autorización habilitará tamén a cesión a terceiros (artesáns) do dereito de uso das superficies obxecto da mesma no que respecta a ocupación e explotación das casetas situadas neste ámbito.

A actividade a explotar no espazo autorizado (Feira de Artesanía de Sanxenxo) comprenderá, exclusivamente, (1) as vendas ó por menor de produtos artesanais, entendendo como tales os bens e produtos de autor singularizados pola súa orixe, incluídos os de transformación, nos que a intervención persoal é determinante no proceso de elaboración e acabado cuxo resultado sexa un produto final de factura individualizada e distinta da propiamente industrial, e (2) a realización de calquera actividade artesanal, entendendo como tales todas as actividades económicas que supoñan a creación, produción, restauración ou reparación de bens de valor artístico ou popular, así como a prestación de servizos, sempre que os mesmos se presten ou se obteñan mediante procesos en que a intervención persoal constitúe un factor predominante e o produto final sexa de factura individualizada e distinta da propiamente industrial.

#### 2. *Fundamento e réxime xurídico*

A explotación de bens patrimoniais e/ou a ocupación do dominio público para o desenvolvemento de actividades de tempada é un dos supostos no que a normativa de aplicación (entre outras, a Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas) esixe a/s preceptiva/s autorizacións administrativas, que deberán outorgarse en réxime de concorrencia competitiva, salvaguardando os principios de publicidade, transparencia e imparcialidade, e atendendo ao maior interese e utilidade pública das propostas.

Consecuentemente, para o outorgamento da autorización necesaria no marco da organización, xestión e desenvolvemento da Feira de Artesanía de Sanxenxo para a tempada de verán do ano



2024 (con posibilidade de prórroga) é precisa a celebración dun procedemento de concorrència competitiva previo que garanta os mencionados principios. Este é o fundamento ao que responde o concurso regulado a través das presentes bases.

Cabe sinalar que, en virtude do establecido no artigo 5 da Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia, corresponde aos Concellos as competencias en materia de promoción dos recursos turísticos do termo municipal, desenvolvemento de infraestruturas turísticas no ámbito da súa competencia, e a potenciación e promoción do seu ámbito territorial como destino turístico. Neste mesmo sentido se pronuncia o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que establece como competencias propias do municipio as de organización de feiras, regulación do comercio ambulante ou ó pormenor, e promoción da actividade turística de interese e ámbito local. No exercicio das mencionadas competencias, e co obxectivo (1) de potenciar o termo municipal de Sanxenxo como punto neurálxico en Galicia dun turismo de calidade, e, á súa vez, (2) promover neste municipio a organización de eventos vinculados á artesanía, que permitan vincular o turismo de verán na área de Sanxenxo co disfrute de servizos e comercialización de produtos de proximidade, de elaboración personalizada, e gran valor engadido, esta Entidade Local busca seleccionar a unha entidade que reúna as condicións e características idóneas para xestionar neste espazo público unha Feira de Artesanía en termos de singular calidade.

Á marxe de calquera beneficio de tipo económico, o interese que o Concello de Sanxenxo busca satisfacer a través deste procedemento é o de promover e configurar unha Feira de Artesanía única, polas súas dimensións, características e prestacións, no ámbito autonómico, que sirva como reclamo turístico municipal durante a tempada de verán, e que contribúa aos obxectivos de consolidación dun turismo de calidade, que repousa sobre as bases dunha oferta de servizos e produtos distinguidos, singulares e únicos no panorama autonómico e nacional.

Para isto, entendese que a vía idónea é a selección dunha proposta ou entidade que, reunindo as características necesarias (básicas e esenciais) para satisfacer os obxectivos que se identifican previamente, permita contribuír a esta finalidade e configurar unha Feira de Artesanía en termos de máxima calidade. Todo elo a través, como se indica, dun procedemento que salvagarde o outorgamento da preceptiva autorización en condicións de transparencia, igualdade, imparcialidade e concorrència competitiva.

Corresponde a esta sociedade mercantil, á vista do establecido na Memoria de Turismo de Sanxenxo, S.L. incorporada ao orzamento municipal aprobado, e atendendo ao obxecto social de esta mercantil. A entidade adxudicataria seleccionada neste procedemento será a beneficiaria da autorización a outorgar por parte da Entidade Local.



### BASE 2ª. Alcance da autorización a outorgar e ámbito espacial

A Feira de Artesanía desenvolverase nunha superficie aproximada de 250 m<sup>2</sup>, incluída dentro do dominio público que se delimita especificamente no Anexo I a estas bases.

Debe precisarse que a Praza Fonte de Ramos sitúase, segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sanxenxo, nun espazo libre de uso e de dominio público (sistema xeral ZV-62B) e, porén, a utilización de dito espazo de dominio público debe ser obxecto dunha autorización administrativa a outorgar polo Concello de Sanxenxo de conformidade coa Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e a Lei 5/2011, de 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste escenario, o contido da autorización administrativa a outorgar á entidade adxudicataria comprenderá o dereito de ocupación do dominio público (na área previamente delimitada) e á súa explotación para a organización, xestión e desenvolvemento na mesma da Feira de Artesanía de Sanxenxo na tempada de verán do ano 2024, nos termos e coas condicións que se recollerán en dita autorización.

Dita autorización será susceptible de prórroga nos termos expostos na Base 3ª.

A autorización non será transferible a terceiros, a excepción da posibilidade de cesión a terceiros (artesáns) do dereito de uso das superficies obxecto da mesma no que respecta a ocupación e explotación das casetas situadas neste ámbito.

### BASE 3ª. Duración da autorización a outorgar

A duración da autorización obxecto deste concurso comprenderá a tempada de verán 2024, e abarcará dende o 15 de xullo até o 9 de setembro de 2024, incluídos os días necesarios para a montaxe e desmontaxe da instalación feiral.

A feira deberá ter como mínimo unha duración de 21 días continuados de apertura ao público, nos horarios previstos, dentro do período de autorización indicada.

Unha vez finalizada a tempada (cos prazos antes sinalados), a entidade adxudicataria deberá cesar na ocupación do dominio público, e deixar o espazo completamente libre de toda actividade e instalación, deixando o mesmo en iguais condicións que se atopaba antes do outorgamento desta autorización e da actividade levada a cabo.

A autorización a outorgar neste concurso poderá ser anualmente obxecto de sucesivas prórrogas, por un máximo de tres tempadas máis (isto é, para as tempadas 2025, 2026 e 2027), segundo as seguintes regras:

- As prórrogas deberán ser expresas, e concederanse en todo caso previa a solicitude do interesado que terá que presentarse antes do 1 de xaneiro de cada anualidade.



- A prórroga soamente poderá ser denegada nos seguintes supostos:
  - a. Incumprimento das obrigas establecidas nas presentes bases por parte do adxudicatario, segundo conste en resolución de expediente tramitado ao efecto con todas as garantías legais.
  - b. Decisión de Turismo de Sanxenxo, S.L. de levar a cabo a organización e xestión da Feira de Artesanía de Sanxenxo na Praza Fonte de Ramos de forma directa polos seus propios medios.
  - c. Falta de solicitude por parte do adxudicatario ou interesado.
  - d. Situación de estado de alarma, excepción, sitio, ou situación de catástrofe que impida os usos normais dos espazo de dominio público. Este impedimento deberá estar acreditado por acto administrativo de alcance xeral ou norma xurídica.

#### BASE 4ª. Obrigas e dereitos económicos

Como contraprestación polo coste asumido nas actividades de organización, xestión e desenvolvemento da Feira de Artesanía, a entidade adxudicataria terá dereito ao cobro íntegro das cotas que, de maneira libre, establece a cada un dos terceiros (artesáns) ocupantes das casetas ou instalacións de esta Feira. A explotación da Feira será pola súa conta e risco a todos os efectos.

## **CAPÍTULO II. FORMA E FASES DO CONCURSO**

#### BASE 5ª. Forma de outorgamento e publicidade

O procedemento de obtención da autorización regularase polo establecido nas presentes bases, que se configuran de acordo cos principios e condicionantes establecidos a estes efectos na Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e, el último termo, polos principios inspiradores da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

As bases do presente concurso, así como as actuacións levadas a cabo no marco do mesmo, serán publicadas na web do Concello de Sanxenxo: [www.sanxenxo.es](http://www.sanxenxo.es), así como nas redes sociais desta Entidade Local (Twitter, Instagram, Facebook).

#### BASE 6ª. Capacidade e condicións de solvencia das entidades solicitantes.



Atendendo á finalidade perseguida co presente procedemento, poderán presentar solicitude no mesmo as entidades que cumpran as seguintes condicións:

- A. Ter a condición de entidade con personalidade xurídica sen ánimo de lucro.
- B. Ter por obxecto a representación dos intereses dos artesáns e, particularmente, a realización de actividades, eventos e talleres de carácter artesanal.
- C. Non atoparse incurso en ningunha das prohibicións de contratar que enumera o artigo 71 da Lei de Contratos do Sector Público.
- D. Non dispor de ningunha débeda contraída co Concello de Sanxenxo, nin con ningún ente dependente do mesmo (Ínsula Sanxenxo Empresa Municipal da Vivenda e do Solo, S.L., Turismo de Sanxenxo, S.L., o Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo e Nauta Sanxenxo, S.L.).
- E. Dispor a data de presentación da solicitude, e durante toda a duración da autorización, dun seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos derivados da actividade a desenvolver no dominio público, por importe mínimo de TRESCENTOS MIL EUROS (300.000 €). Ou, no seu defecto, dun compromiso vinculante da súa subscricións no caso de resultar adxudicatario, con carácter previo ao desenvolvemento da actividade.
- F. Cumprir con todas e cada unha das especificacións das presentes bases (con especial referencia ás determinacións vinculantes sobre a organización da Feira de Artesanía).

#### BASE 7ª. Criterios de valoración das solicitudes para o outorgamento da autorización

Para o outorgamento da autorización teranse en conta os seguintes criterios a valorar nas solicitudes presentadas:

##### **A. Experiencias en organización, xestión e desenvolvemento de Feiras e eventos de artesanía. Criterio valorado cun máximo de 30 puntos.**

- Acreditación de ter participado na organización, xestión e desenvolvemento de Feiras e eventos de artesanía no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia dende o 1 de xaneiro de 2020. Criterio valorado cun máximo de 20 puntos.

Outorgaranse 4 puntos por cada experiencia acreditada, ata un límite de 20 puntos (que é o máximo a obter por este criterio).

As experiencias na organización, xestión e desenvolvemento de Feiras e eventos de artesanía no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia deberán acreditarse mediante



unha declaración da entidade acompañada dos documentos que acrediten a realización desta prestación.

- Acreditación de ter participado na organización, xestión e desenvolvemento de Feiras e eventos de artesanía fora do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia dende o 1 de xaneiro de 2020. Criterio valorado cun máximo de 10 puntos.

Outorgaranse 2 puntos por cada experiencia acreditada, ata un límite de 10 puntos (que é o máximo a obter por este criterio).

As experiencias na organización, xestión e desenvolvemento de Feiras e eventos de artesanía fora do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia deberán acreditarse mediante unha declaración da entidade acompañada dos documentos que acrediten a realización desta prestación.

## **B. Memoria organizativa e descritiva da actividade a desenvolver no marco da/s autorización/s a outorgar. Criterio valorado cun máximo de 50 puntos.**

En concreto, teranse en conta os seguintes extremos:

- Descrición da actividade a desenvolver identificando os obxectivos que se pretenden acadar e a metodoloxía de traballo. Criterio valorado cun máximo de 30 puntos.
- Descricións da tipoloxía e dos materiais das casetas a instalar para a Feira, e das súas características estéticas, dimensionais e estruturais. Criterio valorado cun máximo de 10 puntos.
- Descrición detallada do mecanismo de selección e organización dos artesáns que participarán na Feira. Criterio valorado cun máximo de 5 puntos.
- Incorporación dun plan de mantemento e vixilancia da vía pública da Feira, tendo en conta as posibles situacións de carácter extraordinario. Valorarase positivamente a descrición dos medios persoais e materiais postos a disposición da Feira para o seu mantemento e vixilancia, e, en concreto, número de efectivos, distribución e horarios. Criterio valorado cun máximo de 5 puntos.

## **C. Dispor de páxina web, blog ou perfil social onde se faga referencia expresa á actividade de artesanía e organizacións de eventos de artesanía levada a cabo pola entidade, así como ás actividade e eventos organizados no último ano. Criterio valorado cun máximo de 10 puntos.**

BASE 8ª. Criterios de desempate.



No caso de que, como consecuencia da valoración realizada de conformidade cos criterios anteriores, se produxese un empate na valoración das solicitudes, empregaranse como criterios de desempate os seguintes:

- Maior número de experiencias globais acreditadas na organización, xestión e desenvolvemento de Feiras e eventos de artesanía.
- Subsidiariamente, maior dispoñibilidade de medios persoais para atender ás necesidades da Feira.

#### BASE 9ª. Presentación das solicitudes.

As solicitudes serán presentadas polos interesados do seguinte xeito:

##### 1. *Presentación de solicitudes.*

Para participar no presente concurso, o interesados deberán presentar a súas solicitudes en dous sobres electrónicos, nos que incluírán a seguinte documentación:

- **Sobre n.º1 : Solicitud e documentación da entidade:**
  - Solicitud cumprimentada segundo o modelo adxunto como Anexo II.
  - Nome e CIF da entidade.
  - Estatutos.
  - Escritura pública de constitución ou acta fundacional.
  - Número de teléfono fixo e móbil; correo electrónico a efectos de notificacións.
  - Certificado de estar ao corrente nas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, e de non dispor de ningunha débeda contraída co Concello de Sanxenxo, nin con ningún ente dependente do mesmo (Ínsula Sanxenxo Empresa Municipal da Vivenda e do Solo, S.L., Turismo de Sanxenxo, S.L., o Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo e Nauta Sanxenxo, S.L.)
  - Declaración responsable, aceptando as presentes bases, segundo o modelo adxunto como Anexo IV. Póliza de responsabilidade civil nos termos requiridos na base 6, na que se acredite a súa vixencia para a duración total da autorización, e último recibo de pago. Subsidiariamente, compromiso vinculante da súa contratación no momento de resultar adxudicatario, con carácter previo ao desenvolvemento da actividade.





- **Sobre n.º 2. Memoria organizativa e descritiva:** dita memoria deberá conter unha descrición detallada de todos os puntos tratados na base n.º 7.B.

A mesma deberá presentarse en formato DIN-A4 non editable e ter unha extensión máxima de 20 páxinas por una cara. Deberá figurar asinada polo representante legal da entidade solicitante.

## 2. *Forma e lugar de presentación das solicitudes.*

As solicitudes presentaranse en formato dixital a través da sede electrónica do Concello de Sanxenxo: <https://concellodesanxenxo.sedelectronica.gal/info.0>, a través do formulario Instancia Xeral, delimitando no texto do formulario “*Presentación de solicitud no concurso convocado para o outorgamento das autorizacións necesarias para a organización e xestión da feira de artesanía de Sanxenxo durante a tempada de verán de 2024 (con posibilidade de prórroga)*”.

As solicitudes e toda a documentación adxunta deberá estar firmada electrónicamente polo representante legal da entidade solicitante, a través dalgún dos sistemas de firma admitidos polo artigo 10 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En todo caso, os interesados teñen a súa disposición, como punto de contacto con esta entidade, a seguinte dirección de correo electrónico para calquera dúbida ou cuestión ao respecto: [info@turismodesanxenxo.com](mailto:info@turismodesanxenxo.com).

## 3. *Prazo de presentación da documentación e demais requisitos das solicitudes.*

Os interesados deberán presentar as súas solicitudes no prazo de dez (10) días hábiles a partir da publicación destas bases na web do Concello.

## BASE 10ª. Apertura dos sobres e valoración das solicitudes.

Rematado o prazo de presentación das solicitudes, procederase a apertura do sobre n.º 1. A continuación, examínase a documentación achegada polos solicitantes ó obxecto de comprobar se dita documentación reúne os requisitos establecidos na Base n.º 6 do presente a Prego, podendo solicitarse os informes xurídicos que se estimen pertinentes para a comprobación de dita documentación.

Os interesados que non acheguen algúns dos documentos esixidos no sobre n.º1, poderán ser excluídos do concurso. Non obstante, si o defecto ou omisión se considerase rectificable, outorgarase un prazo de 2 días hábiles para que o solicitante presente en prazo a documentación omitida ou errónea. Si transcorrido dito prazo non se presenta a documentación requirida ou esta resultase insuficiente, o interesado poderá quedar excluído do concurso.



Unha vez verificada a documentación e rectificadas as deficiencias, elaborárase unha listaxe de entidades admitidas que será publicada na web do Concello de Sanxenxo.

Posteriormente, procederase á apertura das memorias organizativas do sobre n.º 2. .

Abertas as memorias organizativas, os/as técnicos/as designados ao efecto procederán a valorar e ponderar as solicitudes de acordo cos criterios expostos na Base n.º 7, podendo solicitarse a tal efecto os informes técnicos que se estimen pertinentes para a avaliación e ponderación das solicitudes formuladas.

As actas de apertura de sobres, calquera incidencia detectada nas mesmas, así como a valoración de ofertas realizada, os informes emitidos, e o seu resultado serán obxecto de publicación na Web do Concello de Sanxenxo.

#### BASE 11ª. Adxudicación.

O Consello de Administración de Turismo de Sanxenxo, S.L. procederá a adxudicar o concurso ó interesado que presente a solicitude que considere máis axustada ao obxecto do concurso e acade, por tanto, unha maior puntuación de acordo coa valoración dos criterios de outorgamento establecidos na Base n.º 7, podendo solicitar, no caso de ser necesario, informes complementarios.

#### BASE 12ª. Dereitos e obrigas do adxudicatario.

O adxudicatario, unha vez outorgada a autorización, estará obrigado a:

1. Dar cumprimento aos requisitos e condicións establecidas nestas bases e na autorización administrativa municipal outorgada.
2. Organizar, xestionar e explotar a Feira de Artesanía de Sanxenxo no ámbito sectorial identificado no Anexo I na tempada de verán do 2024. En caso de prórroga atenderase ás datas fixadas na formalización da prórroga correspondente.
3. Respetar o horario proxectado para esta Feira. O horario da Feira será de 12 a 14 e de 19 h a 24 h todos os días da semana. Dito horario poderá ser ampliado en datas coincidentes coas festas patronais de Sanxenxo ou calquera outras, previa autorización do Concello. Neste caso, a autorización deberá ser solicitada polo adxudicatario cunha antelación mínima de dous días hábiles perante Turismo de Sanxenxo, S.L.
4. Xestionar de maneira directa a selección e organización dos artesáns que participarán na Feira de Artesanía de Sanxenxo, nos termos e coas condicións previstas na Base 13.



5. Remitir a Turismo de Sanxenxo, S.L. cun prazo de 5 días hábiles de antelación ao inicio da Feira de Artesanía, un listado dos artesáns seleccionados para participar na mesma e para ocupar as casetas e instalacións correspondentes. Este listado deberá acompañarse da documentación que acredite que cada un destes artesáns cumpren os requisitos establecidos na Base 13. Se por parte de Turismo de Sanxenxo, S.L. se comprobase que algún dos artesáns seleccionados incumpre os requisitos previstos na Base 13, poderá esixir á entidade adxudicataria que proceda á súa exclusión da Feira e, de maneira inmediata, leve a cabo os trámites pertinentes para a súa substitución por outro artesán que si de cumprimento a estes requisitos (previa valoración por parte do Concello de Sanxenxo).
6. Contratar ou xestionar o persoal de mantemento, servizos e seguridade necesario para a correcta organización da Feira de Artesanía.
7. Montar as instalacións pertinentes e necesarias para o desenvolvemento da Feira no dominio público no prazo estipulado, e retiralas unha vez finalizada a Feira, dentro do prazo máximo establecido, e de xeito que a superficie explotada quede no mesmo estado no que se atopaba con anterioridade.
8. Garantir a vixilancia da Feira e a seguridade da vía pública e dos asistentes a este evento. Nesta obriga incluírase, de ser necesario, a adopción de todas as medidas de seguridade (e publicidade das mesmas) que eventualmente impoñan as autoridades sanitarias e resulten de aplicación durante o período de duración desta Feira.
9. Adoptar as precaucións necesarias para non danar o dominio público, o pavimento e mobiliario urbano existente no entorno, quedando totalmente prohibida a perforación no pavimento.
10. Realizar tarefas de publicidade e promoción da Feira a través das canles que o adxudicatario considere máis oportunas, tales como redes sociais, deseño e distribución de publicidade, etc. En concreto, estará obrigado a realizar as actividades descritas no Plan de Marketing elaborado *ad hoc* coa solicitude.
11. Cumprir coa normativa vixente propia dos establecementos tipo caseta que serán instalados. Con carácter específico, o adxudicatario será o responsable da que a actividade das casetas dedicadas a artesanía cumpra os requisitos establecidos na Lei 1/1992, de 11 de marzo, de artesanía de Galicia e na Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior e Galicia, en relación coa venta ambulante.
12. Contratar o subministro eléctrico necesario para o desenvolvemento da actividade da Feira.
13. Manter en bo estado a porción de dominio público empregado, así como as instalacións, tendo que repor calquera elemento que se deteriore ou inutilice polo uso ou explotación do servizo. O material a repor deberá ser da mesma calidade que o inutilizado ou, de non ser posible, o máis similar que se ofrezca no mercado.



14. Ter contratado un seguro de responsabilidade civil nos termos sinalados na Base 6.
15. Prestar colaboración ao Concello de Sanxenxo no caso de que sexa necesario para a realización de inspeccións periódicas das condicións na realización das actividades obxecto do concurso.
16. A entidade adxudicataria será responsable, e deberá responder, de todos aqueles danos ocasionados, calquera que sexa a súa modalidade, durante o desenvolvemento da Feira de Artesanía e como consecuencia das actividades levadas a cabo neste evento. Turismo de Sanxenxo, S.L. e o Concello de Sanxenxo non terán ningún deber nin responsabilidade polos eventuais danos ocasionados, de calquera tipo, durante o desenvolvemento da Feira de Artesanía e como consecuencia das actividades levadas a cabo neste evento. Tampouco asumirán ningún deber ou responsabilidade de cara aos terceiros que ocupen e exploten no seu caso as casetas de artesanía, sendo o adxudicatario o único responsable das obrigas cos mesmos contraídas.
17. Finalmente, nin Turismo de Sanxenxo, S.L. nin o Concello de Sanxenxo asumen responsabilidade algunha respecto dos eventuais impagos ou incumprimentos das obrigas coa entidade adxudicataria nos que incorran os terceiros que ocupen e exploten as casetas de artesanía.
18. Todo elo sen prexuízo das determinacións, obrigas ou esixencias adicionais que poidan eventualmente, e de maneira xustificada, establecerse no texto da/s autorización/s administrativas a outorgar, nas prórrogas, e do resto de obrigas no seu caso deriven da normativa sectorial de aplicación, incluída a obtención de permisos, licencias ou autorizacións que resulten pertinentes para o desenvolvemento da actividade.

O adxudicatario, unha vez outorgada/s a/s autorización/s, terá dereito a:

1. O outorgamento da autorización para a ocupación do dominio público delimitado no Anexo I e a súa explotación para a organización, xestión e desenvolvemento da Feira de Artesanía de Sanxenxo na tempada de verán de 2024, nos termos fixados nestas bases, e na súa solicitude presentada no concurso.
2. Elixir a forma de selección e organización dos artesáns que participarán na Feira de Artesanía de Sanxenxo, segundo os criterios expostos na súa solicitude.
3. Establecer, de maneira libre, as cotas que facturará a cada un dos terceiros ocupantes das casetas ou instalacións de artesanía desta Feira.
4. Proceder ao cobro íntegro das cotas que, de maneira libre, estableza a cada un dos terceiros ocupantes das casetas ou instalacións de esta Feira, xestionando a facturación e cobro destas contías como estime convinte.



5. Opta á prórroga desta autorización, nos termos sinalados na Base 3ª.

**BASE 13ª. Determinacións vinculantes sobre a organización da Feira.**

A entidade adxudicataria deberá garantir que os terceiros que ocupen e exploten as casetas desta Feira cumpran os seguintes requisitos:

1. Ser titulares dun obradoiro artesán inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia ou, no seu caso, nun rexistro equivalente doutra Comunidade Autónoma. O obradoiro debe estar dado de alta e inscrito no rexistro correspondente na data de solicitude para participar na Feira de Sanxenxo.
2. Dispor de produción propia, destinada a venda, suficiente para atender a demanda prevista durante o transcurso da Feira, cuxo valor total (PVP) alcance un mínimo de MIL CINCOCENTOS EUROS (1.500 €) en cada un dos postos solicitados.
3. Presentar unha relación detallada, coa indicación do tipo de produto e prezo unitario, dos produtos a expoñer na feira para a venda.
4. Aportar documentación gráfica dun montaxe de feira previo e catálogo de produtos ou presenza gráfica descritiva da produción en internet.
5. Estar dado de alta no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas e estar ó corrente do pago da tarifa. No caso de estar exento, deben presentar a alta no oportuno censo de obrigados tributarios da Axencia Tributaria (modelo 036 no caso de persoas físicas).
6. Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ó corrente do pago das cotizacións.
7. Estar ó día nas obrigacións tributarias e/o sancións municipais.

Os participantes terán prohibido, con carácter expreso:

1. A venda de produtos alimenticios.
2. A venda ou revenda de produtos que no se reflexaran na solicitude de participación.
3. A revenda de calquera tipoloxía de produtos.

**CAPÍTULO III. OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA**

**BASE 14ª. Adxudicación e outorgamento da autorización**



Unha vez resolto o presente concurso, Turismo de Sanxenxo, S.L. emitirá a correspondente Resolución de adjudicación, e outorgarase pola Administración a autorización pertinente dentro dos 3 días hábiles seguintes á resolución do concurso.

A adjudicación e outorgamento será motivado e notificarase os solicitantes, debendo ser publicado na web do Concello de Sanxenxo.

O prazo máximo para efectuar a adjudicación e outorgamento da autorización será de 7 días hábiles a contar desde o primeiro acto de apertura do sobre n.º1.

#### BASE 15ª. Notificacións

As notificacións aos solicitantes relacionadas co presente concurso realizaranse por parte de Turismo de Sanxenxo, S.L. a través do correo electrónico (ou medio de comunicación alternativo) designado a tal efecto na documentación incorporada ao Sobre n.º 1.

En todo caso, e como antes se indica, todas as actuacións relacionadas co presente concurso serán publicadas na páxina web do Concello de Sanxenxo.

#### BASE 16ª. Tratamento de datos

Turismo de Sanxenxo, S.L. e o adjudicatario comprométense a cumprir, en relación co tratamento de datos persoais, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta o tratamento dos seus datos persoais e a libre circulación destes, coñecido como Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD); e a lexislación estatal, isto é, a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

### **CAPÍTULO IV. REVOGACIÓN E RETIRADA DA AUTORIZACIÓN. FORZA MAIOR**

#### BASE 17ª. Facultade de revogación

A Administración poderá revogar a autorización unilateralmente en calquera momento sen xerar dereito a indemnización por razóns de interese público, cando resulte incompatible coas disposicións ou resolucións administrativas aprobadas con posterioridade, cando así o determine a Administración outorgante, cando se produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

#### BASE 18ª. Inspección e retirada da autorización



Os servizos municipais realizarán inspeccións periódicas ao obxecto de comprobar o cumprimento das condicións das presentes bases, da autorización outorgada, as condicións técnicas das instalacións ou aparatos instalados, a seguridade e a limpeza e conservación das instalacións.

No caso de que durante estas inspeccións se detecten incumprimentos ou un cumprimento deficiente de algunha das obrigas ou condicións previamente sinaladas, o Concello de Sanxenxo poderá optar entre:

- Instar á entidade adxudicataria para que, nun prazo máximo de 2 días hábiles desde o requirimento efectuado, proceda a subsanar as deficiencias ou incumprimentos constatados nos termos sinalados por esta Entidade Local.
- Proceder á revogación e retirada da autorización outorgada, sen dereito a indemnización algunha, previa xustificación motivada, e segundo os procedementos a tal efecto previsto na propia autorización.

Neste suposto, a entidade adxudicataria deberá proceder ao cese inmediato da actividade, e á retirada de todas as instalacións e equipos nun prazo máximo de 2 días hábiles, deixando o espazo libre de ocupación e no mesmo estado que antes de comezar esta actividade.

#### BASE 19ª. Forza maior

En caso de forza maior, as datas da Feira (e, consecuentemente, a duración da/s autorización/s) poderán ser modificadas, ou a súa celebración anulada. Neste último suposto, non poderá presentarse reclamación por presuntos danos e prexuízos ocasionados como consecuencia da anulación.



## ANEXO I

### DELIMITACIÓN DO ÁMBITO ESPACIAL





## ANEXO II

### MODELO DE SOLICITUDE

PROCEDEMENTO: CONCURSO CONVOCADO PARA O OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA NECESARIA PARA A ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA DE SANXENXO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN DE 2024 (CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGA)

#### **Primeiro.** Presentación da persoa/entidade concursante.

1. Solicitante \_\_\_\_\_
2. NIF/CIF \_\_\_\_\_
3. Teléfono móbil a efecto de envío de avisos de notificacións:  
\_\_\_\_\_
4. Teléfono:  
\_\_\_\_\_
5. Correo electrónico a efecto de envío de avisos de notificacións:  
\_\_\_\_\_
6. Fax: \_\_\_\_\_
7. Dirección postal: \_\_\_\_\_
9. Nome e apelidos do representante da entidade: \_\_\_\_\_
10. NIF/CIF \_\_\_\_\_

#### **Segundo.** Solicitud

Solicita o outorgamento da autorización administrativa necesaria para a organización, xestión e explotación da Feira de Artesanía de Sanxenxo durante a tempada de verán de 2024 (con posibilidade de prórroga), nos termos nos que se especifica no PREGO DE BASES DO CONCURSO CONVOCADO PARA O OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA NECESARIA PARA A ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA DE SANXENXO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN DE 2024 (CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGA)

#### **Terceiro.** Declaración relativa á veracidade e exactitude da proposición técnica aportada.

Que o contido da copia electrónica asinada en soporte informático da que se xunta é idéntica á documentación facilitada en soporte papel, asumindo as responsabilidades legais en caso de falsidade ou omisión, respecto da veracidade e exactitude dos datos e información anteriores.





Puerto Deportivo Juan Carlos I  
36960 Sanxenxo - Pontevedra  
Tel.: 986 720 285

En ..... a, ..... de ..... de 2024

Fdo.: .....

N.I.F.: .....



## ANEXO IV

### DECLARACIÓN RESPONSABLE

**Nome:**

**Apellidos:**

**DNI/CIF:**

**Con domicilio en:**

**Teléfono:**

**Correo electrónico:**

**Entidade á que representa:**

#### **Declaro responsablemente:**

- Que a entidade á que represento ostenta a condición de entidade con personalidade xurídica sen ánimo de lucro.
- Que a entidade á que represento ten por obxecto a representación dos intereses dos artesáns e, particularmente, a realización de actividades, eventos e talleres de carácter artesanal.
- Que a entidade á que represento non se atopa incurso en ningunha das prohibicións de contratar que enumera o artigo 71 da Lei de Contratos do Sector Público.
- Que a entidade á que represento non dispón de ningunha débeda contraída co Concello de Sanxenxo, nin con ningún ente dependente do mesmo (Ínsula Sanxenxo Empresa Municipal da Vivenda e do Solo, S.L., Turismo de Sanxenxo, S.L., o Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo e Nauta Sanxenxo, S.L.)
- Que a entidade á que represento dispón a data de presentación da solicitude, e durante toda a duración da autorización, dun seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos derivados da actividade a desenvolver no dominio público, por importe mínimo de 300.000 €. Ou, no seu defecto, dun compromiso vinculante da súa subscricións no caso de resultar adxudicatario, con carácter previo ao desenvolvemento da actividade.
- Que a entidade á que represento coñece e cumpre con todas e cada unha das especificacións do PREGO DE BASES DO CONCURSO CONVOCADO PARA O OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA NECESARIA PARA A ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA DE SANXENXO DURANTE A TEMPADA DE



VERÁN DE 2024 (CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGA) (con especial referencia ás determinacións vinculantes sobre a organización da Feira de Artesanía).

Declara asemade estar en posesión da documentación que así o acredite a partir do outorgamento da autorización, e manter o seu cumprimento durante o prazo de vixencia da mesma.

- Que a entidade á que represento autoriza á Turismo de Sanxenxo, S.L. para solicitar ás restantes administracións públicas a información precisa para comprobar a veracidade da información facilitada ou, no seu caso, acreditar mediante a documentación necesaria a circunstancia de estar dado de alta e ao corrente do pago do Imposto de actividades económicas ou no censo de obrigados tributarios

En ..... a, ..... de ..... de 2024

Fdo.: .....

N.I.F.: .....

ADVIRTESELLE DE QUE segundo o art. 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obrigaación do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.



**PLIEGO DE BASES DEL CONCURSO CONVOCADO PARA EL OTORGAMIENTO DE LA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA NECESARIA PARA LA ORGANIZACIÓN, GESTIÓN Y EXPLOTACIÓN DE LA FERIA DE ARTESANÍA DE SANXENXO DURANTE LA TEMPORADA DE VERANO DE 2024 (CON POSIBILIDAD DE PRÓRROGA)**

**En Sanxenxo, a 11 de abril de 2024**



## CAPÍTULO I. OBJETO Y DELIMITACIÓN DEL CONCURSO

### BASE 1ª. Objeto de las presentes bases

#### 1. Objeto.

Es objeto de este documento regular las condiciones para la adjudicación y otorgamiento de la autorización administrativa necesaria para llevar a cabo la organización y gestión de la Feria de Artesanía de Sanxenxo durante la temporada de verano del año 2024, que podrá ser anualmente objeto de prórroga para la organización y gestión de esta misma Feria durante las temporadas de verano de los años 2025, 2026 y 2027.

Esta Feria, destinada a la comercialización de productos y servicios artesanales en los términos que se concretarán en las presentes bases, se desenvolverán en la Plaza Fonte de Ramos, en la superficie indicada Base n.º 2 de este Pliego. La autorización a otorgar en el marco de este concurso habilitará, por lo tanto, al adjudicatario, a la margen de las obligaciones que correspondan, para la ocupación y uso privativo de la superficie/espacio de dominio público en el que se prevé la celebración de este evento, así como para la realización en este espacio de las tareas de organización, gestión y explotación de la Feria de Artesanía conforme a lo dispuesto en las presentes bases.

Dicha autorización habilitará también la cesión a terceros (artesanos) del derecho de uso de las superficies objeto de la misma en el que respeta a la ocupación y explotación de las casetas situadas en este ámbito.

La actividad a explotar en el espacio autorizado (Feria de Artesanía de Sanxenxo) comprenderá, exclusivamente, (1) las ventas al por menor de productos artesanales, entendiendo cómo tales los bienes y productos de autor singularizados por su origen, incluidos los de transformación, en los que la intervención personal es determinante en el proceso de elaboración y acabado cuyo resultado sea un producto final de factura individualizada y distinta de la propiamente industrial, y (2) la realización de cualquier actividad artesanal, entendiendo como tales todas las actividades económicas que supongan la creación, producción, restauración o reparación de bienes de valor artístico o popular, así como la prestación de servicios, siempre que los mismos se presten o se obtengan mediante procesos en que la intervención personal constituye un factor predominante y el producto final sea de factura individualizada y distinta de la propiamente industrial.

#### 2. Fundamento y régimen jurídico

